



3.4. construcción

O PRESENTE CAPÍTULO, dedicado ó sector da construcción, está dividido en tres grandes apartados. O primeiro deles presenta unha serie de indicadores básicos da construcción como a produción, a poboación ocupada, a licitación pública por data de aertura, a produción e consumo de cemento, e a construcción de vivendas. Para a análise destas variables, as fontes de información empregadas son a Contabilidade Trimestral de Galicia, a Enquisa de Poboación Activa, Seopan e Oficemen.

Na segunda parte, preséntanse os datos característicos das vivendas en Galicia e a súa comparación co total estatal (número de vivendas, superficie, número de edificios, presupuesto de execución e prezo medio) a partir dos datos do Ministerio de Fomento.

Finalmente, analízanse as variables económico-financeiras das 3.631 empresas pertencentes ó sector de construcción e obras

públicas segundo a metodoloxía empregada por Ardán.



Indicadores básicos da construcción

Como primeiro indicador do sector da construcción pódese salientar que o **VEB a prezos básicos** (prezos correntes) xerado no sector da construcción no ano 2001 ascendeu en Galicia a 3.887,6 millóns de euros (un 10,8% máis que no ano anterior), o que representa en torno ó 6% do total xerado en España. Ó igual que no ano 2000, o subsector da construcción segue a se-lo sector que máis crece da economía galega, cun crecemento do 10,8% no ano 2001 en termos nominais (4,8% en termos reais).

A **poboación ocupada** no sector da construcción ascendeu a 118,3 miles de persoas sendo o seu peso relativo no total galego do 12,0% fronte ó 11,8% no ano 2000. En ter-

CADRO 3.4.1.

Licitación pública de tódalas Administracións 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)	(%)	
A Coruña	329,3	443,0	34,5
Lugo	117,9	115,7	-1,9
Ourense	96,0	124,7	29,9
Pontevedra	248,3	361,3	45,5
Varias provincias e/ou CC.AA.	0,7	1,0	37,7
Total	792,3	1.045,7	32,0
España	21.242,5	22.946,9	8,0
G/E (%)	3,7	4,6	

Fonte: SEOPAN

mos absolutos, o aumento da ocupación entre ámbolos dous anos considerados é de 1,7 miles de persoas, o que representa un cremento do 1,5% respecto ó ano anterior.

Ó longo do ano 2001, a **licitación pública** de tódalas administracións por data de apertura de ofertas ascendeu en Galicia a 1.045,7 millóns de euros (o 4,6% do total estatal licitado), sendo un 32,0% superior á rexistrada no mesmo período do ano anterior. Esta medra prodúcese fundamentalmente polo crecemento da licitación pública total en edificación, que aumenta un 78,7%, en tanto que a licitación pública da obra civil medrou un 8,5% no caso do total edificación.

Comparada coas outras comunidades autónomas, no ano 2001 Galicia é a séptima comunidade en termos de licitación pública total, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid, a C. Valenciana, Castela A Mancha, e País Vasco.

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 3.4.1.** reflicte que o valor territorializado da licitación pública ascendeu a 1.045,7 millóns de euros e a non territorializada a 1,0 millóns. A Coruña é a que presenta un maior valor das licitacións cun valor de 443 millóns de euros, por diante de Pontevedra, con 361,3 millóns. Comparado co ano anterior, tódalas provincias galegas, agás Lugo (-1,9% respecto ó ano 2000), rexistran unha medra da licitación pública de tódalas administración.

Atendendo ós diferentes tipos de obra, **cadro 3.4.2.**, a licitación oficial na obra civil medrou un 8,5% respecto ó mesmo período do ano anterior, acadando os 626,8 millóns de euros en Galicia (o 59,9% do total licitado en Galicia). Tanto en Galicia coma no conxunto do estado, o subsector transportes é o máis importante en canto ó total licitado, acollendo en torno o 25% do total licitado en Galicia e o 41,2% no conxunto do estado.

A provincia de A Coruña licitou obras por un valor de 229,8 millóns de euros, o que representa o 36,7% do total licitado en obra civil en Galicia, sendo a súa porcentaxe sobre o total licitado na provincia do 51,9%. En Pontevedra a licitación pública en obra civil ascendeu a 253,2 millóns de euros (o 40,4% do total galego) representando o 70,1% do total licitado na provincia.

O total licitado en Galicia no caso da edificación ascendeu a 419 millóns de euros, o que significa un descenso do 78,7% respecto ó mesmo período do ano anterior, fronte ó crecemento no conxunto do estado do 14,8%. A provincia de A Coruña acolleu o 50,9% do total licitado en edificación en Galicia (213,2 millóns de euros), seguida de Pontevedra, co 25,8% (108,1 millóns de euros).

No caso da **licitación pública das administracións autonómicas**, o **cadro 3.4.4.** reflicte que a Xunta de Galicia licitou obras por un valor de 493,8 millóns de euros,

CADRO 3.4.2.

Licitación pública (%) de totales Administraciones nas CCAA. 2001: distribución segundo tipo de obra

(en millones €)

Vivienda	% Tot.C.A.	Total % Tot.C.A.	Erguiamento Social		Varas % Tot.C.A.	Resto Edificación % Tot.C.A.	Industriais % Tot.C.A.			Reparacions % Tot.C.A.	
			Documentos % Tot.C.A.				Administr. % Tot.C.A.	Resto Edificación % Tot.C.A.			
			Doctores % Tot.C.A.	Vans % Tot.C.A.			Total % Tot.C.A.	Industriais % Tot.C.A.			
Andalucía	52,6	1,7	403,8	12,9	60,5	1,9	146,2	4,7	66,1	2,1	
Aragón	1,9	0,2	115,8	11,1	15,3	1,5	12,3	1,2	7,5	0,7	
Asturias	25,3	3,6	82,6	11,8	42,4	6,0	47	0,7	18,7	2,7	
Baleares	34,0	8,2	116,8	28,0	42,3	10,2	42	10,1	22,4	5,4	
Canarias	40,6	6,5	161,8	26,0	33,8	5,4	22,2	3,6	36,1	10,9	
Cantabria	-	-	85,2	17,4	7,9	1,6	24,2	4,9	13,6	2,0	
Castela e Leon	42,5	2,1	254,3	12,8	45,9	2,3	37,7	1,9	33,4	1,7	
Castilea A Mancha	14,1	2,4	181,6	31,4	47,1	8,2	12,6	2,2	9,8	1,7	
Cataluña	171,8	3,7	595,2	127	163,2	3,7	104,4	2,3	65,3	1,4	
C. Valenciana	12,0	0,5	808,5	32,4	502,5	20,1	103,6	4,1	31,1	1,2	
Estramadura	15,4	3,2	30,5	6,3	11,3	2,3	9,8	0,4	1,1	0,2	
Galicia	23,6	2,3	272,5	26,1	29,1	2,8	108,7	10,4	23,3	2,2	
Madrid	60,6	2,0	669,5	22,4	73,2	2,6	139,1	4,6	57,7	1,9	
Murcia	4,5	1,0	86,2	19,3	34,6	7,8	7,0	1,6	47,1	1,7	
Navarra	-	-	82,4	22,0	12,1	3,2	9,2	2,5	14,0	3,7	
País Vasco	69,2	6,3	165,2	15,0	24,0	2,2	27,0	2,4	51,1	4,6	
A Rioxa	-	-	35,0	19,5	8,0	4,4	4,0	2,2	6,8	3,8	
Cueta e Melilla	27,4	2,8	29,8	12,0	13,1	3,4	3,7	3,0	5,7	6,1	
Varias comunidades	-	-	17,4	10,6	-	-	-	-	17,4	10,6	
Total	595,4	2,6	4.166,5	18,2	1.168,3	5,1	810,1	35	517,7	2,3	
Estados Transportes			Ferrocarris % Tot.C.A.		Pontos % Tot.C.A.		Urbanización % Tot.C.A.		Hidrálicas % Tot.C.A.		
Total % Tot.C.A.	% Tot.C.A.	Total % Tot.C.A.	Estados % Tot.C.A.	Transportes % Tot.C.A.	Ferrocarris % Tot.C.A.	Pontos % Tot.C.A.	Urbanización % Tot.C.A.	Hidrálicas % Tot.C.A.	Total Edificación % Tot.C.A.	Total Obra Civil % Tot.C.A.	
Andalucía	1.867,0	59,9	786,2	25,2	980,2	31,4	100,7	3,2	297,3	9,5	
Aragón	643,0	61,7	332,9	31,9	310,2	26,7	-	-	46,1	4,4	
Asturias	349,9	49,8	298,5	42,5	118	1,7	39,6	5,6	140,5	20,0	
Baleares	69,4	16,7	53,7	12,9	52	1,3	70,5	2,5	92,1	22,1	
Canarias	151,0	24,3	77,3	12,4	-	-	73	11,8	108,7	15,5	
Cantabria	219,8	44,8	207,7	42,3	7,3	1,5	4,8	1,0	39,2	6,0	
Castilea A Mancha	988,7	14,7	720,6	36,2	288,1	35,5	0,0	0,0	392,5	14,7	
Castela e Leon	216,8	37,5	184,2	31,9	32,6	5,6	-	-	49,0	8,5	
Catiluña	2.063,6	44,8	601,0	13,0	1.019,9	22,0	450,7	9,8	821,5	17,8	
C. Valenciana	664,7	26,6	459,6	18,4	72,5	2,9	132,6	5,3	261,8	10,5	
Estramadura	197,0	40,7	197,0	40,7	-	-	-	-	16,6	3,4	
Galicia	262,2	25,1	157,1	15,0	-	-	-	-	173,2	35,8	
Madrid	985,7	32,9	949,8	31,7	35,9	1,2	-	-	204,1	19,5	
Murcia	78,8	17,7	63,4	14,2	3,9	0,7	12,1	2,7	58,9	15,7	
Navarra	76,3	20,4	69,7	18,6	6,5	1,7	-	-	68,1	15,3	
País Vasco	402,8	36,6	291,2	26,5	36,1	3,3	-	-	97,6	26,1	
A Rioxa	65,4	36,4	65,4	36,4	-	-	-	-	240,6	21,9	
Cueta e Melilla	19,7	21,4	74,7	2,4	11,6	1,5	120,3	7,3	-	-	
Varias comunidades	122,7	74,7	-	-	-	-	9,0	9,8	20,3	5,3	
Total	9.444,3	41,2	5.528,4	24,1	2.976,4	13,0	939,5	4,1	3.466,3	14,9	

(1) Segundo año de ejecución das obras

Fonte: SEOPAN

3.4. construcción

3.

CADRO 3.4.3.

Licitación pública (1) de todas Administraciones 2000-01: distribución segundo tipo de obra

Tipo de obra	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2000 (en millones de €)	2001 (%)	2000 (en millones de €)	2001 (%)	2000 (en millones de €)	2001 (%)	2000 (en millones de €)	2001 (%)
Vivienda	7,3	8,4	14,9	8,4	5,9	-29,1	0,5	2,4
Equipamiento social	32,6	139,1	327,1	12,4	12,0	-3,1	425,4	48,3
Resto edificación	8,5	14,2	66,5	-	1,9	-	326,7	69,4
Reparaciones	43,5	51,5	18,5	17,2	11,5	-33,2	0,7	0,7
Transporte	174,9	116,8	-33,2	41,5	40,1	-3,4	12,4	-82,3
Urbanización	38,2	87,6	129,1	17,2	21,8	26,4	31,4	1,5
Hidráulicas	24,4	25,5	4,6	21,2	22,5	5,8	17,7	9,4
Total edificación	91,9	213,2	132,1	38,0	31,3	-17,5	28,9	66,4
Total obra civil	237,5	229,8	-3,2	80,0	84,3	5,5	67,1	58,3
Total	314,1	443,0	41,0	90,9	115,7	27,3	85,1	124,7

(1) segundo día de apertura das ofertas
Fonte: Elaboración propia CIES-Galicia a partir dos datos de SEOPAN

CADRO 3.4.4.

Licitación pública (1) das Administracións autonómicas 2001: distribución segundo tipo de obra

Vivienda	Total			Equipamiento social			Resto Edificación			Reparaciones									
	% Tot.C.A.	Total	% Tot.C.A.	Doselos	% Tot.C.A.	Sanitarios	% Tot.C.A.	Deportivos	% Tot.C.A.	Total	% Tot.C.A.	Administr.	% Tot.C.A.	Industriais	% Tot.C.A.	Terminal	% Tot.C.A.	Repairs	% Tot.C.A.
Andalucía	25,4	4,5	174,5	30,8	129	2,3	137,4	24,3	7,8	14	16,5	2,9	10,3	1,8	9,6	1,7	0,1	46,7	8,2
Aragón	-	-	66,1	10,9	13,3	11,8	5,3	4,8	0,6	0,5	48,9	43,5	3,8	4,2	3,7	0,2	0,1	-	3,0
Asturias	25,3	-	49,8	21,4	42,1	18,1	4,1	1,8	0,1	0,0	3,5	1,5	23,3	10,0	21,0	9,0	1,2	0,5	7,7
Baleares	24,3	23,2	1,0	0,9	-	-	0,8	0,8	-	-	0,2	0,2	37,2	25	24	-	-	34,7	3,3
Canarias	33,9	25,7	50,2	38,1	32,9	25,0	8,7	6,6	-	-	8,5	6,5	16,1	0,3	15,6	11,8	0,2	3,2	3,0
Cantabria	-	-	20,7	12,6	4,8	2,9	0,5	0,5	2,5	3,5	2,2	8,3	5,1	9,6	5,8	8,5	5,4	-	2,3
Castile-A Mancha	1,9	-	101,1	37,5	40,6	15,1	1,0	0,4	5,0	1,9	54,4	20,2	1,8	0,7	-	-	0,7	0,4	4,6
Castile e León	38,9	7,7	85,1	16,8	44,7	8,8	15,1	3,0	4,3	0,9	21,0	4,1	2,7	0,5	-	-	-	-	2,4
Catiluña	105,7	5,4	252,4	12,9	131,2	6,7	69,5	3,6	1,5	0,1	50,2	2,6	176,1	9,0	8,1	0,4	9,7	158,4	8,1
C. Valenciana	5,7	0,4	674,5	52,0	477,9	36,8	96,4	7,4	2,3	0,2	98,0	7,6	68,3	5,3	10,0	0,8	35,8	2,8	25,5
Estrémadura	13,7	8,9	23,9	15,6	11,3	7,3	1,6	1,0	0,3	0,2	10,8	7,1	7,2	4,7	6,6	4,3	0,2	0,5	0,3
Galicia	18,5	3,8	170,5	34,5	25,9	5,2	107,5	21,8	8,2	1,7	29,0	5,9	5,1	1,0	0,6	0,1	4,5	0,9	48,3
Madrid	4,8	1,2	106,7	26,1	48,4	11,9	0,1	0,0	4,2	1,0	54,0	13,2	2,8	0,7	-	-	2,8	0,7	7,2
Murcia	4,5	3,2	41,7	10,0	32,2	23,3	4,6	3,3	1,5	1,5	3,4	2,5	2,7	1,7	1,1	0,8	1,2	-	1,4
Navarra	-	-	15,2	14,3	7,7	2,2	3,7	3,5	3,8	3,6	-	-	1,8	1,7	-	-	-	-	2,2
País Vasco	31,5	17,3	43,0	23,6	19,2	10,5	9,6	0,3	0,1	6,0	3,3	6,2	3,4	6,0	3,3	0,2	0,1	-	13,1
A Rioxa	-	-	11,1	22,4	3,8	7,7	3,9	0,8	0,8	1,5	2,6	5,3	3,8	7,7	3,3	6,7	-	0,5	1,0
Total	334,1	4,9	1.889,5	27,5	948,8	13,8	481,2	7,0	44,2	0,6	415,2	6,0	378,9	5,5	86,1	1,3	64,5	0,9	228,4
																			246,9
																			3,6
Total	% Tot.C.A.	Total	% Tot.C.A.	Entradas	% Tot.C.A.	Ferrocarrís	% Tot.C.A.	Pontos	% Tot.C.A.	Urbanización	% Tot.C.A.	Hidráulicas	% Tot.C.A.	Total Edificación	% Tot.C.A.	Total obra Civil	% Tot.C.A.	Total xeral	
Andalucía	216,2	38,2	213,2	37,7	-	-	-	3,1	0,5	42,9	7,6	50,2	8,9	-	-	-	256,9	45,4	309,3
Aragón	16,7	14,9	16,7	14,9	-	-	-	-	-	1,6	1,4	18,6	16,6	-	-	-	75,4	67,2	328
Asturias	68,3	29,3	64,8	27,6	-	-	-	3,5	1,5	24,1	10,4	34,3	14,7	-	-	-	106,1	45,6	126,7
Baleares	25,1	23,9	20,7	19,7	2,6	2,5	1,8	1,7	1,1	1,1	1,0	13,1	12,5	-	-	-	65,7	62,6	99,3
Canarias	8,6	6,5	5,5	4,1	-	-	-	3,1	2,4	16,9	12,8	3,8	2,9	-	-	-	102,5	77,8	222
Castile-A Mancha	66,4	40,5	62,7	38,3	-	-	-	2,3	2,3	6,9	4,2	55,7	34,0	-	-	-	34,8	21,3	129,0
Castile e León	134,6	50,0	134,6	50,0	-	-	-	-	-	0,6	0,2	26,9	10,0	-	-	-	107,0	39,8	162,2
Catiluña	198,0	39,2	198,0	39,2	-	-	-	-	-	90,9	18,0	83,8	16,6	-	-	-	133,0	26,3	372,6
C. Valenciana	1.177,5	60,2	392,4	200	778,1	39,8	7,0	0,4	60,1	3,1	114,7	5,9	604,7	30,9	1.352,2	68,1	1.956,9	131,7	
Estrémadura	309,0	23,8	271,8	20,9	37,3	2,9	-	-	40,7	3,1	179,1	13,8	768,7	59,2	528,8	40,8	1.297,4	153,1	
Galicia	105,0	21,3	98,9	20,0	-	-	-	-	-	16,3	10,7	43,0	28,1	-	-	-	242,4	49,1	493,8
Madrid	70,5	17,2	46,1	11,3	24,4	6,0	-	-	6,1	1,2	84,5	17,1	61,9	12,5	-	-	121,5	29,7	287,2
Murcia	46,4	33,4	46,0	33,1	-	-	-	-	-	0,4	0,3	191,4	46,8	-	-	-	50,4	36,3	138,8
Navarra	73,2	60,0	66,9	63,0	6,3	5,9	-	-	-	13,1	0,6	0,6	0,6	-	-	-	19,2	18,1	81,9
País Vasco	34,8	19,1	41,1	22	20,3	11,1	10,5	5,7	19,1	10,5	34,4	18,9	93,9	51,5	88,3	49,4	17,6	35,6	64,4
A Rioxa	21,9	44,4	21,9	44,4	-	-	-	-	-	2,7	5,4	7,2	14,5	-	-	-	-	-	49,4
Total	2.616,3	38,1	1.708,3	24,9	869,0	12,6	39,1	0,6	449,4	6,5	938,0	13,9	-	-	-	-	2.849,3	41,5	4.023,7
																			585
																			6.873,0

(1) Segundo dato de apertura das obras

Fonte: SEOPAN

3.4. construcción

CADRO 3.4.5.

Vendas e consumo de cemento 2000-01

	Vendas			Consumo		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en Tm.)	(%)		(en Tm.)	(%)	
A Coruña	958.714	988.383	3,1	958.714	988.383	3,1
Lugo	357.999	347.260	-3,0	358.023	347.261	-3,0
Ourense	206.902	209.892	1,4	206.902	209.892	1,4
Pontevedra	853.204	1.027.233	20,4	946.215	1.174.231	24,1
Total	2.376.819	2.572.768	8,2	2.469.854	2.719.767	10,1
España	36.255.114	39.482.958	8,9	38.438.638	42.150.544	9,7
G/E (%)	6,6	6,5		6,4	6,5	

Fonte: Oficemen

dos que 251,4 millóns correspondieron á licitación pública en obra civil e os restantes 242,4 millóns de euros á obra en edificación. Atendendo á evolución seguida respecto ó ano anterior, Galicia experimenta un medre do 45,3% mentres que o conxunto das administracións autonómicas a súa licitación aumentou un 16,4%. No caso da obra civil o aumento experimentado na administración galega foi do 25,8% fronte ó 0,5% no conxunto das administracións, mentres que a licitación no caso do total edificación experimentou unha medra do 73,2% na comunidade galega, e un 49,8% no conxunto de tódalas administracións autonómicas.

Respecto ó **consumo de cemento**, ó longo do ano 2001 consumíronse en Galicia un total de 2.719.767 toneladas, o que representa o 6,5% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 10,1% en Galicia fronte a un crecemento do 9,7% no conxunto do estado (**cadro 3.4.5.**).

Pontevedra, logo dun crecemento do 24,1% respecto ó ano 2000, convértese na provincia con maior consumo de Galicia, con 1.174.231 toneladas, superando este ano a A Coruña, con 988.383 toneladas (o consumo nesta provincia medrou un 3,1%).

Respecto á evolución das **vendas de cemento**, estas ascenderon a 2.572.768 toneladas (un 8,2% máis que en 2000) o que

representa o 6,5% do total estatal. A provincia de Pontevedra rexistrou unha medra no volume total de ventas do 20,4% respecto ó ano 2000, acadando as 1.027.233 toneladas.

Datos de vivenda

En canto á **construcción de vivendas**, os datos do **cadro 3.4.6.** amosan un aumento no número de vivendas rematadas (un 165,6% respecto ó mesmo período do ano anterior), iniciadas (un 101,2%) e visadas (un 119,3%), rexistrándose esta mesma evolución tanto no caso das vivendas protexidas como nas vivendas libres.

Comparado co total estatal, Galicia presenta taxas de crecemento superiores no que se refire á construcción total de vivendas e á construcción de vivendas libres, mentres que no caso da construcción de vivendas protexidas o número de vivendas iniciadas e rematadas medrou un 9,3% e 3,4% en Galicia, respectivamente, fronte ó 79,2% e 74,5% no conxunto de España.

Os **datos xerais** de vivenda en Galicia, recollidos no **cadro 3.4.7.**, reflecten que en Galicia o número de edificios de nova planta a construír ascendeu a 6.720 (5.978 edificios residenciais) cunha superficie media a construír de 5.091 miles de metros cadrados (en edificación residencial, 4.379 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír ascendeu a 22.564 (29.949 no ano anterior).

CADRO 3.4.6.

*Construcción de vivendas en Galicia e España 2000-01**Vivendas iniciadas*

	Galicia			España (1)		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
2000	3.040	8.246	11.286	52,8	563,9	616,7
2001	3.322	19.380	22.702	94,6	962,9	1057,5
01/00	9,3	135,0	101,2	79,2	70,8	71,5

Vivendas rematadas

	Galicia			España		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
2000	2.787	5.846	8.633	60,5	426,5	487,0
2001	2.882	20.043	22.925	105,6	815,1	920,7
01/00	3,4	242,8	165,6	74,5	91,1	89,1

Vivendas visadas

	Galicia			España		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
2000	2.183	33.134	35.317	49,1	620,7	669,8
2001 (2)	4.396	55.740	60.136	82,5	1046,6	1129,1
01/00 (3)	152,9	117,0	119,3	68,0	68,6	68,6

(1) os datos de España están en miles

(2) os datos de Galicia corresponden ós tres primeiros trimestres do ano

(3) a taxa de variación de Galicia corresponde á variación respecto ó mesmo período do ano anterior

Fonte: IGE, INE

3.

CADRO 3.4.7.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2000-01: datos xerais

	Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001
Edificación de nova planta				
Edificios a construir	8.036	6.720	156.879	148.775
Residencial	7.350	5.978	141.043	132.942
Non residencial	686	742	15.836	15.833
(en miles m ²)				
Superficie a construir	6.372	5.091	89.368	86.049
Residencial	5.753	4.379	73.286	67.626
Non residencial	619	712	16.082	18.423
Vivendas a construir	29.949	22.564	438.620	397.389
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.700	1.660	26.334	26.946
Vivendas creadas en rehabilitación	1.075	946	14.222	15.236
Obras de rehabilitación				
Edificios a demoler	511	513	11.859	11.905
Vivendas a demoler	879	967	15.101	16.018
Total vivendas	30.145	22.543	437.741	396.607

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

CADRO 3.4.8.

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2000-01: obra nova

	Galicia			España		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
			(%)			(%)
Total edificios	6.790	6.673	-1,7	200.768	180.360	-10,2
Vivendas	6.215	6.149	-1,1	186.979	166.494	-11,0
Servicios comerciais	217	172	-20,7	5.149	5.867	13,9
Outros	358	352	-1,7	8.640	7.999	-7,4
				(m ²)		
Superficie a construir	6.230.883	5.493.674	-11,8	106.615.399	104.288.428	-2,2
Vivendas	5.258.750	4.687.798	-10,9	87.317.450	82.557.473	-5,5
Servicios comerciais	361.029	255.974	-29,1	6.042.717	7.329.381	21,3
Outros	611.104	549.902	-10,0	13.255.232	14.401.574	8,6
				(en miles de €)		
Presupuesto de ejecución	1.399.174,4	1.288.148,7	-7,9	28.503.801,6	29.220.415,5	2,5
Vivendas	1.186.221,3	1.125.990,9	-5,1	23.565.389,0	23.330.658,5	-1,0
Servicios comerciais	56.902,2	40.948,7	-28,0	1.178.462,9	1.776.441,6	50,7
Outros	156.050,9	121.209,1	-22,3	3.759.949,7	4.113.315,4	9,4

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

CADRO 3.4.9.

Visados de dirección de obras en Galicia e España 2000-01: obras de ampliación e reforma ou restauración

	Galicia			España		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
			(%)			(%)
Obras de ampliación						
Total edificios	655	577	-11,9	12.981	13.517	4,1
Vivendas	490	433	-11,6	10.149	9.389	-7,5
Outros	165	144	-12,7	2.832	4.128	45,8
				(m ²)		
Superficie a construir	276.936	182.476	-34,1	3.059.759	3.047.319	-0,4
Vivendas	109.893	86.972	-20,9	1.456.307	1.197.366	-17,8
Outros	167.043	95.504	-42,8	1.603.452	1.849.953	15,4
				(en miles de €)		
Presupuesto de ejecución	62.344,0	42.092,9	-32,5	759.697,3	814.431,6	7,2
Vivendas	27.823,4	23.706,3	-14,8	381.512,1	345.501,7	-9,4
Outros	34.520,6	18.386,6	-46,7	378.185,2	468.929,9	24,0
Obras de reforma e/ou restauración						
Total edificios	869	930	7,0	27.258	28.766	5,5
Vivendas	690	692	0,3	22.301	21.924	-1,7
Outros	179	238	33,0	4.957	6.842	38,0
				(en miles de €)		
Presupuesto de ejecución	72.318,0	77.328,6	6,9	1.556.483,0	1.817.777,0	16,8
Vivendas	32.522,8	34.574,4	6,3	774.329,7	822.372,9	6,2
Outros	39.795,2	42.754,2	7,4	782.153,3	995.404,1	27,3

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

Xunto a esta edificación de nova planta, no último ano había un total de 1.660 edificios a rehabilitar (946 vivendas creadas en rehabilitación) e 513 edificios a demoler (967 vivendas), polo que o número total de vivendas ascendeu a 22.543 (o 5,7% do total de vivendas no conxunto do estado).

En relación ós visados de dirección de obra nova no ano 2001, o número de edificios ascendeu a 6.673 (un 1,7% inferior á do ano anterior) dos que 6.149 corresponderon a vivendas, sendo a superficie total a construír de 5.493,7 miles de metros cadrados (un 11,8% menos que en 2000) dos que 4.687,8

CADRO 3.4.10.

Certificacións fin de obra en Galicia e España 2000-01

	Galicia		España	
	2000	2001	2000	2001
Nº de certificados	2.582	2.831	74.284	73.206
Nº de edificios	3.096	3.268	117.173	113.973
Promotor privado	3.085	3.256	116.123	112.886
Pessoas físicas e Comunidades de propietarios	1.796	1.870	53.265	48.926
Sociedades mercantis	1.241	1.331	57.450	58.531
Cooperativas	27	3	3.263	3.357
Outros	21	52	2.145	2.072
Administracións públicas	11	12	1.050	1.087
Nº de vivendas	15.429	17.652	366.775	365.660
Promotor privado	15.342	17.611	363.286	362.682
Pessoas físicas e Comunidades de propietarios	3.084	2.899	97.639	74.599
Sociedades mercantis	11.743	14.587	248.172	274.622
Cooperativas	453	78	11.778	9.091
Outros	62	47	5.697	4.370
Administracións públicas	87	41	3.489	2.978
(en miles de €)				
Valor liquidación da execución. Material das obras	671.290,0	769.973,0	17.309.050,5	18.613.109,9

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presupuesto de ejecución acadou os 1.288,1 miles de euros (un 7,9% inferior á do ano anterior) dos que 1.126 corresponden a vivendas.

Respecto ós visados de dirección de obras de ampliación, o **cadro 3.4.9.** amosa que o número total de visados foi de 577 (78 visados menos que no ano 2000) dos que 433 visados corresponden a vivendas. A superficie total a construír foi de 182.476 metros cadrados, un 34,1% inferior á de 2000 e o presupuesto de ejecución acadou os 42.092,9 miles de euros.

No concernente ós visados de obras de reformas e/ou restauración, o devandito **cadro 3.4.9.** reflicte que estes aumentaron ata os 930 visados, 61 visados máis que no ano 2000. O presupuesto de ejecución experimentou un crecemento do 6,9% respecto ó existente en 2000, acadando un valor de 77.328,6 miles de euros.

O **cadro 3.4.10.** reflicte que no ano 2001, ó contrario do acontecido no conxunto estatal, o número de certificacións fin de obra rexistrou en Galicia unha medra do 9,6%, acadando os 2.831 certificados, o que repre-

senta o 3,9% do número de certificados totais en España. O número total de edificios ascendeu a 3.268 (un 5,6% máis que no ano 2000), dos que 3.256 corresponden a promotores privados e 12 a administracións públicas. O número de vivendas foi de 17.652 (17.611 corresponde a promotores privados).

Finalmente, o **cadro 3.4.11.** reflicte o **prezo medio** do metro cadrado da vivenda en Galicia. Este ascendeu a 715,21 euros no ano 2001, un 8,1% superior ó rexistrado no ano precedente. Comparado co total estatal (o prezo medio medrou un 15,4% para situarse nos 1.046,47 euros), o prezo medio da vivenda en Galicia é un 31,7% inferior.

Respecto ó prezo medio existente nas outras comunidades autónomas, Galicia é a cuarta comunidade co menor prezo medio por metro cadrado, sendo superada por Extremadura (505,06 euros), Castela a Mancha (576,54 euros), e Murcia (626,72 euros). Asimade, o devandito **cadro 3.4.11.** amosa que Galicia rexistra o menor crecemento do prezo medio da vivenda, cun 8,1% respecto ó prezo de 2000.

Se consideramos que a vivenda tipo ten unha superficie de 90 metros cadrados, o

CADRO 3.4.11.

Prezos medios do m² das vivendas nas CC.AA. 2000-01

	2000	2001	01/00	90 m ² / RFBD (1)	
	(en <E>)		(%)	1999	2000
Andalucía	663,46	770,84	16,2	6,35	6,87
Aragón	769,57	878,24	14,1	5,25	5,68
Asturias	794,13	872,34	9,8	6,63	6,84
Baleares	1.152,57	1.359,96	18,0	8,17	9,33
Canarias	962,95	1.092,43	13,4	8,81	9,43
Cantabria	876,02	1.013,57	15,7	7,06	7,71
Castela-A Mancha	519,91	576,54	10,9	4,36	4,50
Castela e León	819,08	905,92	10,6	6,10	6,34
Cataluña	1.169,76	1.352,36	15,6	8,43	9,28
C. Valenciana	659,69	748,52	13,5	5,26	5,60
Estremadura	458,31	505,06	10,2	4,08	4,25
Galicia	661,31	715,21	8,1	5,41	5,48
Madrid	1.346,60	1.605,33	19,2	9,08	10,39
Murcia	537,90	626,72	16,5	4,97	5,61
Navarra	969,51	1.135,07	17,1	6,63	7,45
País Vasco	1.414,52	1.650,61	16,7	10,44	11,48
A Rioxa	790,84	926,28	17,1	5,42	6,09
Total	906,95	1.046,47	15,4	7,31	8,29

(1) RFBD= Renda familiar bruta disponible (poder de compra por habitante)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de *Ministerio de Fomento e Funcas*

devandito cadro reflicte que, dada a renda familiar bruta disponible, as galegas e gallegos necesitarían un total de 5,48 anos, como media, para pagar unha vivenda. Este tempo é inferior ó necesario polo conxunto de españois como media (8,29 anos), sendo a terceira comunidade onde se tardaría menos tempo en financiar unha vivenda.

3.

Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán, este sector está formado no ano 2000 por un total de 3.631 empresas, que presentan un emprego medio de 19 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 1.781,4 millóns de euros. Comparado coa situación empresarial do conxunto de empresas de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 29,3% das empresas e xera o 22,2% do VEB a custo de factores.

As actividades más importantes que comprende o grupo, recollidas no **cadro 3.4.12.**, son as de contratistas xerais e as de promotores de obras con 1.077 e 501 empresas, respectivamente. En conxunto, estes dous grupos de actividades xeran o 46,7% do total

de ingresos de explotación do sector e o 43,2% do valor engadido bruto a custo de factores.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas (**cadro C.3.9.- Núcleos de localización empresarial más importantes pola súa xeración do VEB 1999-00**) é A Coruña, cun total de 337,5 millóns de euros, un 12,9% máis que no ano anterior, seguido de Vigo e Pontevedra, cun valor engadido bruto xerado de 242,2 e 171,7 millóns de euros, respectivamente. Entre os tres núcleos de localización acollen o 42,2% do VEB total xerado polas empresas constructoras analizadas.

Respecto á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 3.4.13.** reflicte que o ano 2000 se rexistra unha medra respecto ó ano anterior do resultado neto do exercicio (341,7 millóns de euros) e do resultado antes de impostos (492 millóns de euros) en torno ó 25%, sendo do 17,9% no caso do resultado de actividades ordinarias (456,6 millóns de euros).

O crecemento do VEB a custo de factores no ano 2000 acadou un 15,2% e os ingre-

CADRO 3.4.12.

Sector construcción e obras públicas 2000: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millones de €)						
Extracción de gravas e areas	36	49,7	16,9	5,8	68,6	14
Fabricación de cemento e formigón	111	384,4	111,2	73,2	1.095,6	30
Fabr. Ladr.,Tellas Y Prod.Terras Coid. Const.	16	36,8	14,3	5,3	55,0	26
Fabricación de vidrio e productos de vidrio	14	27,1	6,4	1,9	15,6	15
Fabr. Outros ptos para a construcción	8	10,2	3,6	0,6	13,9	18
Traballos de carpintería metálica	291	391,1	121,0	18,9	232,3	18
Promotores de obras	501	1.182,8	260,4	121,4	2.387,2	7
Contratistas xerais	1.077	1.931,8	510,0	97,0	2.104,5	20
Construccións pesadas	74	577,3	138,1	21,7	585,5	62
Instalacións eléctricas	269	334,0	120,9	15,0	216,4	20
Fontanería, calefacción e aire acondicionado	181	196,0	63,0	7,3	122,2	16
Albañilería	97	44,6	18,9	1,3	28,0	11
Traballos de aislamento acústico e térmico	35	26,6	9,8	1,0	16,4	16
Carpintería	57	43,6	13,7	1,8	24,6	13
Acrystalamento e pintura	82	86,9	33,4	4,3	43,6	19
Excavacións e cimentos	88	84,3	33,0	9,5	77,7	14
Traballos de derribo	11	8,5	4,1	0,9	13,7	17
Actividades de revestimentos de solos	82	70,8	25,9	3,7	40,1	16
Outros contratistas especializados	77	137,8	51,6	10,7	130,4	28
Distr. Mai. Materiais para a construcción	242	697,1	80,4	34,0	402,2	10
Distr. Min. Materiais para a construcción	91	84,2	12,8	2,6	51,1	8
Serv. Alquiler e instal. Equipo para constr.	36	71,5	28,7	10,6	68,4	17
Servicios de limpeza e conservación de edificios	42	58,5	49,0	1,4	23,4	123
Serv. Técnicos arquit. e inxen. e activ. Relac.	113	129,0	54,3	10,7	106,0	16
Total	3.631	6.664,9	1.781,4	460,6	7.922,5	19
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	

Fonte: Ardán

3.

CADRO 3.4.13.

Evolución da actividad no sector construcción e obras públicas 1999-00: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millones de €)	(%)	(en millones de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	5.717,6	100	6.664,9	100	16,6
Consumo e outros gastos de explotación	4.171,7	72,96	4.883,5	73,27	17,1
Valor engadido bruto a custo dos factores	1.545,9	27,04	1.781,4	26,73	15,2
Gastos de persoal	1.008,5	17,64	1.140,1	17,11	13,1
Resultado económico bruto da explotación	537,4	9,40	641,2	9,62	19,3
Amortizaciones	117,4	2,05	133,4	2,00	13,6
Resultado económico neto da explotación	420,0	7,35	507,8	7,62	20,9
Resultado financeiro	-32,6	-0,57	-51,2	-0,77	-56,7
Ingresos financeiros	73,5	1,29	112,0	1,68	52,3
Gastos de persoal	106,2	1,86	163,1	2,45	53,7
Resultado de actividades ordinarias	387,3	6,77	456,6	6,85	17,9
Resultado de actividades extraordinarias	5,5	0,10	35,4	0,53	546,0
Resultado antes de impuestos	392,8	6,87	492,0	7,38	25,2
Impostos	118,7	2,08	150,3	2,26	26,6
Resultado neto do exercicio	274,1	4,79	341,7	5,13	24,6
Cash-flow	374,8	6,56	460,6	6,91	22,9

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.14.

Evolución do investimento e do financiamento no sector construcción e obras públicas 1999-00

	1999		2000		00/99 (%)
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Activo total	7087,6	100	7922,5	100	11,8
Activo fixo (neto)	1523,9	21,50	1743,8	22,01	14,4
Gastos amortizables	16,8	0,24	19,7	0,25	17,1
Immobilizado inmaterial	132,4	1,87	156,7	1,98	18,4
Immobilizado material	848,1	11,97	945,2	11,93	11,5
Otro immobilizado	510,2	7,20	613,5	7,74	20,2
Outro activo fixo	16,4	0,23	8,6	0,11	-47,4
Circulante neto	5563,7	78,50	6178,8	77,99	11,1
Existencias	2591,3	36,56	2825,1	35,66	9,0
Debedores	2425,8	34,23	2756,2	34,79	13,6
Tesourería	319,8	4,51	367,9	4,64	15,0
Outro activo circulante	226,9	3,20	229,6	2,90	1,2
Fuentes de financiamento	7087,6	100	7922,5	100	11,8
Financiamento permanente	2459,2	34,70	3473,1	43,84	41,2
Fondos propios	1538,4	21,71	1772,2	22,37	15,2
Recursos alleos l/p	895,8	12,64	1676,7	21,16	87,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	25,0	0,35	24,3	0,31	-2,9
Acreedores a curto plazo	4628,4	65,30	4449,4	56,16	-3,9
Fondo de rotación	935,3	13,20	1729,4	21,83	84,9

Fonte: Ardán

3.

sos de explotación, medran un 16,6% polo que o peso relativo do VEB descende lixeiramente dende o 27,04% de 1999 ata o 26,73% do ano 2000. Asemade, o devandito cadro reflicte unha medra da importancia relativa do cash-flow, que acada o 6,9% dos ingresos de explotación no ano 2000 fronte o 6,6% do ano anterior.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.4.14.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 28% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.729,4 millóns de euros, un 84,9% superior ó existente no ano anterior. O 72% restante está financiado polos acreedores a curto plazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 43,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,2% respecto ó ano anterior, suponen o 22,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo plazo medraron un 87,2%, cun peso relativo do 21,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 7.922,5 millóns de euros, un 11,8% superior ó valor de 1999, dos que 1.743,8 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,4% superior respecto ó ano anterior). Os 6.178,8 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 11,1% con relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.25.** (*Sector construcción e obras públicas 1998-99: estudio económico-financeiro*) reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso, respecto ós ingresos, do VEB e dos gastos de persoal, e unha medra da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 4,8 puntos superior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 6,3 puntos porcentuais.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos aumentan no ano 2000, sendo superiores ás rexistradas polas 12.394

empresas galegas analizadas consideradas no seu conxunto. O devandito **cadro C.3.25.** amosa que a rendibilidade económica ascendeu en 2000 ó 6,28% fronte ó 6,15% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, as porcentaxes foron do 20,08% e do 15,97% no caso das empresas do sector da construción e no caso global de Galicia, respectivamente. ■

3.

